

ACTA DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Con data de 17 de Outubro de 2.022, de forma telemática, tivo lugar a reunión para resolver os asuntos previstos no calendario electoral aprobado o 27 de maio de 2.022 polo Secretario Xeral para o Deporte que foi modificado pola mesma Secretaría Xeral para o Deporte o 29 de setembro de 2022, así é que se trataron os seguintes puntos :

PRIMEIRO.- PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE MEMBROS ELECTOS Á ASEMBLEA E TOMA DE POSESIÓN

Pola presente, e trala non realización das votación debido ao acordado por esta Xunta Electoral na acta do 9 de setembro de 2.022 con base e fundamento xurídico no artigo 19.4 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo, xa que coincidían o mesmo número de candidaturas ca de membros, é función desta Xunta Electoral a proclamación definitiva de candidatos electos con base no artigo 22.3 do mesmo regulamento. Así e que, ditas candidaturas son as seguintes:

TÉCNICOS

Nº	TÉCNICOS
1	JUAN JOSÉ COSTAL FILGUEIRA
2	DIEGO GONZÁLEZ VICENTE
3	JUVENTINO PÉREZ GONZÁLEZ
4	JOSE LUIS FERNANDEZ BERMEJO
5	XOSE HENRIQUE RODRÍGUEZ PORTELA

ÁRBITROS

Nº	ÁRBITROS
1	DARÍO TIAGO LÓPEZ
2	ANTONIO ROMERO VILA
3	JOSE MANUEL SÁNCHEZ MOURE

CLUBES

Nº	AUGAS TRANQUILAS	
1	CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA	
2	CLUBE RÍA DE BETANZOS	
3	CLUBE DE PIRAGÜISMO AS TORRES ROMERÍA VIKINGA	
4	CLUBE PIRAGÜISMO FLUVIAL ALLARIZ	
5	CLUBE PIRAGÜISMO RÍAS BAIXAS-BOIRO	
6	ESCUELA DE PIRAGÜISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	
7	CLUBE DE PIRAGÜISMO GRUPO XUVENIL DE AS PONTES	
8	CLUBE CMDC BREOGAN DO GROVE	
9	CLUBE FLUVIAL O BARCO	
10	CLUBE PIRAGÜISMO RIANXO	
11	CLUBE PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA	
12	CLUBE DE PIRAGÜISMO C.P. PORTONOVO	
13	CLUBE DE PIRAGÜISMO VIVEIRO	
14	CLUBE NAUTICO PONTECESURES	
15	CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO	
16	CLUBE DE MAR RIA DE ALDAN-GANDON	
17	CLUB DEPORTIVO NAUTICO DE MIÑO	
18	CLUB NAUTICO COBRES	
19	CLUB PIRAGUISTO OURENSE	
20	CLUB FLUVIAL DE AVION - CASTRELO DE MIÑO	
21	CLUB KAYAK VIGO	
22	CLUB FLUVIAL DE LUGO	
23	REAL CLUB NAUTICO RODEIRA DE CANGAS	
Nº	AUGAS BRAVAS	
1	CLUBE DEPORTIVO NAUTICO MIÑO-TEIXUGOS	
2	CLUB TEA DE MONDARIZ BALNEARIO	
Nº	MARATÓN, RÍOS E TRAVESÍAS	
1	CLUBE DE PIRAGÜISMO ALTRUÁN DE RIBADEO	
Nº	CAIAC DE MAR	
1	CLUB NAÚTICO FOLIXA	
Nº	CAIAC POLO	
1	CLUBE COPACABANA	

DEPORTISTAS

Nº	AUGAS TRANQUILAS	
1	Mª ARACELI MENDUIÑA SANTOMÉ	
2	JOSE JORGE CARRO FERNANDEZ	
3	JAVIER HERRERA ÁLVAREZ	
4	JOSÉ MANUEL DEVESA JUBÓN	
5	CARLA RAÑÓ ROMERO	
6	JOSE MARÍA PAZOS ABAD	
Nº	AUGAS BRAVAS	
1	EMILIO GONZÁLEZ GÓMEZ	
2	MARCOS FORTES PEREIRA	
Nº	CAIAC POLO	
1	MANUEL RODRÍGUEZ FRESCO	
Nº	CAIAC DE MAR	
1	JESUS PÉREZ RIAL	
Nº	DGAN	
1	NOEL DOMÍNGUEZ MARTÍN	

Así mesmo, todos e cada un destes membros da asemblea, en acordo co calendario electoral, dispoñen do prazo de 5 días hábiles para realizar a correspondente toma de posesión de acordo co artigo 23.1 do Regulamento.

SEGUNDO.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS Á PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO

Trala proclamación dos membros da Asemblea Xeral tamen corresponde, ao abeiro do artigo 21.2 previa visual do artigo 7 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Piragüismo, debe ter lugar tamén a presentación das candidaturas a presidencia da Federación Galega de Piragüismo. Así e que;

“1.Poderá presentar candidatura á presidencia da Federación Galega de piragüismo aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos no artigo 7.

2.O prazo para presentar as candidaturas é de cinco días hábiles, contados desde a proclamación definitiva de persoas membros da asemblea xeral. A presentación das candidaturas farase personalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral.

3. As persoas candidatas á presidencia deberán presentar as súas candidaturas e deberán ir avaladas polo 10% dos membros da asemblea xeral”

Como se pode observar neste artigo, require que ditas candidaturas sexan remitidas a xunta electoral dunha forma que quede constatado fidedignamente en dereito a presentación de dita solicitude, e por eso, que tratado o asunto nesta reunión, dende a xunta electoral entendemos que a remisión ao correo electrónico da mesma (xuntaelectoral@fegapi.org) adxuntando todos os documentos precisos, quedaría constatada a intención e interese da candidatura.

Como indica o artigo 7.2 do mesmo regulamento;

“Poderán ser elixibles para a presidencia da federación as persoas que cumpran, na data de celebración da elección, os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade e presentar unha candidatura abalada, como mínimo, polo 10% dos membros da asemblea, non sendo necesario que a persoa que presente a candidatura teña a condicón de asembleísta (...).*
- b) Non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos ou de representación no ámbito deportivo por resolución firme na vía administrativa ditada polo órgano disciplinario competente, nin estar inhabilitada para o desempeño de cargo público ou de representación por sentenza xudicial firme.*
- c) Non ter sido condenado por delitos contra á facenda pública estatal ou autonómica galega nin contra a Seguridade Social, o que se acreditará mediante a presentación da correspondente declaración pola persoa interesada.”*

En vista do recollido no anterior exposto, aqueles interesados en presentar a súa candidatura á presidencia da Federación Galega de Piragüismo deberán presentar;

- I. Modelo de solicitude de candidatura a presidencia da FGP
- II. Adxuntar copia do Documento Nacional de Identidade
- III. Declaración conforme non está incurso en ningunha das causas de incapacidade mencionadas anteriormente.
- IV. Documento no que figuren o número de avais. Deberá achegarse documento principal co número de avais e avalistas da asemblea que apoian dita candidatura, así como a continuación, os modelos de formularios cubertos polos membros da asemblea avalistas esa candidatura.

Polo tanto, en base os puntos expostos, e con fundamento xurídico no exposto ao longo do documento extraídos do Regulamento, por esta Xunta Electoral ACÓRDASE;

- I. A proclamación como membros electos da Asemblea Xeral da Federación Galega de Piragüismo a todos os membros expostos no punto primeiro.
- II. A precisión por parte da Xunta Electoral da forma e dos documentos a entregar por parte de aquelas persoas interesadas en presentar candidatura a Presidencia da Federación Galega de Piragüismo, quedando estipulados no punto segundo.

Contra os acordos adoptados neste acta non caberá interpor reclamación ou recurso en base o artigo 22 do Regulamento.

A PRESIDENTA



Fdo.: Valeria Romero Gómez

O VOGAL



Fdo.: Iván Ferro Herbón

O SECRETARIO



Fdo.: Eddie Freire Suárez